

# CANDEÁN

## ÁREA ETNOARQUEOLÓXICA



Atopámonos nos montes da parroquia viguesa de Candeeán, onde poderemos acercarnos aos rituais de enterramento e construcións funerarias propios do Neolítico.

Antes de comezar a visita, fagamos un achegamento a este período da Prehistoria. Podemos situar o Neolítico entre o V e o II Milenio a.C., momento no que os distintos grupos humanos abandonan o seu tipo de vida nómada para instalarse de xeito permanente nun territorio e explotar os seus recursos por medio da agricultura e a gandería. O sedentarismo conleva a domesticación de plantas e animais, nun proceso lento pero constante.

**Credes que isto pode propiciar algún cambio no xeito de pensar das persoas da época? Afectaralle ás relacións sociais? Credes que lles xurdirían novas necesidades? Cales?**

A nova forma de vida, implicou toda unha serie de innovacións das técnicas, coa aparición dos útiles de pedra pulida e da cerámica, e das ideas e da sociedade, no cal xorden novos ritos relixiosos e costumes funerarios que supuñan unha forte organización social.



MACHADO PULIMENTADO DUN ENXOVAL  
RECUPERADO NA MÁMOA DO VIXIADOR



PUNTA DE FRECHA DUN ENXOVAL  
RECUPERADA NA MÁMOA DE COSTA FREIRÍA I

## O FENÓMENO MEGALÍTICO

Unha das novidades que traen consigo estes novos ritos funerarios é a construción de tumbas monumentais realizadas empregando grandes pedras (do grego antigo megas=grande, lithos=pedra). En Galicia, este tipo de construcións poden recibir unha gran variedade de nomes: mámoas, medorras, dolmens, antas, arquiñas, casas dos mouros...

Fundamentalmente, trátase de construcións formadas por un montículo de terra, de forma hemisférica (**túmulo**), que adoita ter no seu interior unha cámara funeraria máis ou menos complexa, feita con grandes pedras (**ortostatos**). Nalgúns casos, o túmulo pode contar cun anel de pedras ao seu redor ou estar recuberto por unha coiraza de pedras miúdas.

**Na vosa zona existen topónimos que fagan referencia ao fenómeno megalítico? Pensade nos nomes dos que estamos a falar: antas, arca, mouros... Cres que será unha axuda**

## para os arqueólogos o estudo da toponimia?


Nos primeiros tempos, adoitaban ser sepulturas colectivas, pertencentes a unha familia ou grupo, onde os defuntos eran depositados xunto cun enxoval que consistía en cuncos de cerámica, armas e pequenos obxectos de pedra traballada.

## Por que pensades que se enterraban aos mortos con obxectos? Credes que hai algunha conexión entre os enxovais e a categoría social dos mortos?


O fenómeno esténdese por todo o Occidente europeo entre o V e o III Milenio a.C, supoñendo para Galicia o exemplo máis antigo de arquitectura monumental, realizada coa intención de ser admirada e perdurar. Podemos deducir que estas construcións tiñan unha forte carga simbólica e incluso sagrada, marcando o territorio coas tumbas dos antecesores.




ESTENSIÓN DA CULTURA MEGALÍTICA POLA FACHADA ATLÁNTICA DURANTE O V MILENIO ANTES DE CRISTO



ESTRUTURA CONSTRUTIVA DUNHA MÁMOA, UNHA TUMBA DE ÉPOCA PREHISTÓRICA



## TRANSPORTE DAS PEDRAS



## AS MÁMOAS DE CANDEÁN

En Candeán atopamos 13 dos 51 enterramentos megalíticos coñecidos no Concello de Vigo, o que equivale a un 25% do total. Unha porcentaxe que aínda podería ser maior se temos en conta que 5 delas foron destruídas na zona da Madroa.

O conxunto complementase co de Monte Penide, xa no concello de Redondela, que alberga unha espectacular concentración de 39 mámoas, sendo unha das concentracións megalíticas máis senlleiras de toda Galicia.

As Mámoas de Candeán atópanse situadas nos altiplanos e nas zonas de tránsito dos montes, nunha liña que en dirección sudoeste - nordeste ascende dende a Devesa até o Alto de Coto Ferreira, agrupándose en pequenas necrópoles como as de Chan dos Touciños ou Costa Freiría.

Moitas delas sufriron intensas agresións e nalgúns casos a súa total destrución, por descoñecer a cidadanía sobre o seu valor histórico e cultural e polos impacto do urbanismo descontrolado. Nalgún dos túmulos pode apreciarse o chamado **cono de violación**.

Con este termo coñécese ao burato feito por persoas que de xeito furtivo espoliaron moitos destes

xacementos na busca de supostos “tesouros” ou obxectos arqueolóxicos co fin de coleccionalos ou, incluso, vendelos dun xeito ilegal. Outras veces eses furados foron orixinados para extraer as grandes pedras das cámaras megalítica.

**Que opinades sobre esta práctica? Credes que o traballo dos historiadores se ve prexudicado por esta práctica? Estará penado por lei?**

## A FIN DUNHA ÉPOCA

Cara ao ano 2700 a.C. ten lugar o peche das grandes construcións megalíticas e comeza un período de cambios no que os enterramentos manterán a forma de túmulo, pero desta vez, albergarán a un único individuo.

Coincidindo coa fin do Neolítico e o comezo da Idade do Cobre (Calcolítico), a sociedade tórnase máis agresiva e menos igualitaria, aparecen individuos que comezan a acumular poder e riquezas o que parece provocar profundos cambios no ritual funerario. Os novos enterramentos serán individuais, en cista (pequena caixa de pedra) e sen tumulación. Xa non se busca destacar na paisaxe, posiblemente coa intención de protexer mellor o enxoval do interior.



CÁMARA FUNERARIA DA MÁMOA I DE COSTA FREIRÍA DURANTE O PROCESO DE ESCAVACIÓN NO 2006



RECREACIÓN DUNHA CISTA DA IDADE DO COBRE



TÚMULO CON FORMA HEMISFÉRICA DA MÁMOA III DE CHAN TOUCIÑOS

## CANDEÁN NA CULTURA POPULAR

Tal e como ocorre con moitos lugares da xeografía galega e con moitas das construcións prehistóricas que podemos atopar en Galicia, as mámoas foron atribuídas pola cultura popular ao tempo dos mouros, un tempo pasado e sen data concreta que non debemos confundir co dos “mouros” históricos do pasado islámico.

As mámoas constitúense como lugares de respecto, onde por ser espazo de mouros, se lles avisa aos nenos e nenas que non se pode brincar e xogar neles.

No caso de Candeán, atopamos un par de lendas que asocian os mouros con este conxunto de mámoas:

**Un veciño xa finado do lugar de Freiría chamado o Tumba comentaba que no tempo da Guerra de Marrocos, na que loitara, falara cun mouro que lle contara que os seus devanceiros reuníanse no Coto Ferreiro, no Monte do Vixiador.**

**Para el, era un lugar coñecido e sagrado.**

**Os habitantes do Castro de Freiría, contaban os vellos, xuntábanse no castro cos mouros da Casa dos Mouros do Vixiador e dos arredores para iren ao Largo da Rabaleira, en Candeán, venderen e intercambiaren produtos con outros mouros.**

**A senda que seguían era o camiño do “Crasto”.**

### ACTIVIDADES

#### 1. Constrúe unha mámoa

Esta actividade consistiría na construción dunha pequena mámoa a escala na que estivesen visibles todas as partes que compoñen este tipo de monumentos funerarios prehistóricos.

#### 2. O plano da mámoa

Xogando a ser arqueólogos, os rapaces e rapazas terán que debuxar o plano en afado e perfil dunha das mámoas que compoñen a ruta, prestando especial interese á súa orientación, que terán que medir coa axuda dun compás.

#### 3. Investigación antropolóxica

Entrevistas a informantes.

